

**GONDOMAR****A N U N C I O**

O Pleno da Corporación municipal do Concello de Gondomar, na sesión que tivo lugar o 14 de outubro de 2013, aprobou inicialmente a MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 29/2013 NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS. En cumprimento do disposto no artigo 179.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, expónse ao público no Taboleiro de anuncios do Concello, estando o correspondente expediente administrativo a disposición dos interesados no Departamento de Intervención por quince días contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolveras.

Gondomar, 21 de outubro de 2013. — O Alcalde, Fernando Guitián Guitián.

**2013009532**

Rematado o prazo de exposición ao público da modificación da Ordenanza municipal de carga e descarga, aprobada inicialmente por acordo plenario de data 06/06/2013 anunciado no BOP nº 163 de 27/08/2013, sen que se formularan reclamacións, alegacións ou observacións contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo o citado acordo de aprobación inicial en virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 02/04 reguladora das bases de réxime local procedendo á publicación do seu texto íntegro.

**ORDENANZA MUNICIPAL DE CARGA E DESCARGA****1.—EXPOSICIÓN DE MOTIVOS E FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

Ante as dificultades de circulación, tanto de persoas como de vehículos, que, día vense agravadas polo incremento do parque móbil e un elevado nivel de utilización dos vehículos, o Concello do Gondomar, resolveu dita-la presente ordenanza coa finalidade de establecer unhas normas que permitan a máis adecuada utilización do espazo público dispoñible por tódolos usuarios para logra-lo máximo nivel posible de fluidez no tráfico.

O establecemento destas normas polo Concello de Gondomar artéllase nas potestades que lle confire a actual lexislación vixente, e que se concreta nas seguintes disposicións:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 84.1 a) que confire ás corporacións locais a capacidade de intervir-la actividade dos cidadáns por varios medios, entre eles mediante o establecemento de Ordenanzas e bandos.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases deréxime local, artigo 25.2 b), que establece que o municipio exercerá competencias en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, artigo 7, polo que se atribúe ós municipios, entre outras competencias, a regulación dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre tódolos usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.

**2.—DEFINICIÓNS.**

Tódolos conceptos empregados na presente ordenanza interpretaranse de conformidade coas definicións contidas no anexo ó texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo RD legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

**3.—OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA.**

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por carga e descarga a realizada comercialmente, é dicir, por persoas que realizan as ditas tarefas con carácter profesional e mediante a utilización de

vehículos legalmente considerados como comerciais. Quedan expresamente excluídas da presente regulación as tarefas de carga e descarga realizadas con carácter privado e con vehículos dedicados ó uso particular sempre que non excedan de 3.500 Kg de MMA.

Na construción de edificacións de nova planta, os solicitantes das licencias de obras deberán acreditar que dispoñen dun espazo no interior da obra destinado a estacionamento para carga e descarga. Cando isto non fose posible, as zonas de reserva de estacionamento por obra concederanse a pedimento motivado do peticionario, que deberá acreditar-la imposibilidade de reserva-lo espazo referido. A autoridade municipal determinará sobre a procedencia da súa concesión ou os condicionantes da que se autoriza.

Non poderán instalarse colectores na vía pública sen autorización expresa da autoridade municipal, que concederá ou denegará a solicitude segundo aconsellen as circunstancias de circulación ou estacionamento da zona. A autorización concedida producirá o pagamento do prezo público que ó obxecto establece a ordenanza vixente.

#### 4. – CLASES.

Quedan establecidos por medio da presente ordenanza os seguintes tipos de zonas de carga e descarga nas vías públicas de Gondomar:

- a) Zonas libres: que serán aquelas que poidan utilizar tódalas persoas que teñan que realiza-las tarefas de carga e descarga nos termos establecidos no artigo anterior. Serán as detaiadas nesta ordenanza, sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza novos emprazamentos.
- b) Zonas reservadas ou restrinxidas: aquelas que só poderán ser utilizadas polos titulares dese aproveitamento especial, de acordo coa autorización municipal correspondente, dentro do horario establecido e tralo pagamento das taxas establecidas pola ordenanza fiscal reguladora.

En canto o procedemento para a concesión desta autorización municipal será o seguinte:

1. Solicitude do interesado con especificación dos seus datos e causa xustificativa desta.
2. Emisión de informe por parte da Policía Local.
3. Resolución por parte do órgano municipal competente.
4. Notificación ó interesado da resolución recaída.
5. Presentación dos recursos que procedan, en caso de que o solicitante o considere oportuno.
6. Aboamento das taxas correspondentes en caso de concesión da dita autorización municipal.

#### 5. – DELIMITACIÓN DE ZONAS.

En canto á delimitación deste tipo de zonas no núcleo urbano do Concello de Gondomar:

- a) Zonas libres:

Rúa Angel Urzaiz, onde antigamente estaba ubicada a parada e autobuses de ATSA.

Rúa Eduardo Iglesias, ó final da parada de taxis, acuitando a mesma.

Rúa Rosalía de Castro, nas inmediacións da Praza de Abastos.

Rúa Portugal, a seguir dos estacionamentos de minusválidos xa existentes.

Rúa San Bieito, fronte ó supermercado.

Comezo Avenida do Conde.

Lugar de Fontán (entre los edificios 1B e 1H)

Rúa Elduayen

Rúa Levada do Beco

Ampliación na rúa Eduardo Iglesias dende o final da parada de taxis ata o remate dea rúa.

- b) Zonas reservadas.

A delimitación destas farase unha vez que se presenten as solicitudes polos interesados, e de acordo co procedemento descrito no artigo anterior. A concesión da autorización farase tralo

informe da Concellería de Tráfico, e as taxas serán satisfeitas de acordo coa ordenanza fiscal correspondente.

Autorizarase a carga e descarga nos lugares anteriormente mencionados, que deberán estar debidamente sinalizados, nos seguintes horarios: días laborais, de luns a venres, de 8:00 a 12:00 horas e de 16:00 a 18:00 horas; sábados, de 8:00 a 12:00 horas.

As operacións de carga e descarga efectuaranse con camións de menos de 15.000 Kg de MMA.

#### 6.—*INFRACCIÓNS E SANCIONES.*

Consideraranse infraccións á presente ordenanza todos aqueles actos que supoñan un incumprimento dos preceptos ou obrigacións nela contidos e teñan establecida a correspondente sanción.

A contía das sancións establecerase en función dos diferentes tipos de zonas de carga e descarga:

##### A) Zonas libres:

Realizar laborías de carga e descarga fóra do horario establecido, 90 euros.

##### B) Zonas reservadas ou restrinxidas:

Por aparcar neste espacio persoas distintas dos titulares da autorización municipal no horario de carga e descarga, 30 euros.

Realizar laborías de carga e descarga polos titulares da dita autorización fóra do horario establecido e incumprindo a normativa de tráfico, 60 euros.

#### 7.—*PROCEDIMENTO SANCIONADOR.*

O procedemento sancionador seguido para logra-la imposición das sancións previstas no punto anterior da presente ordenanza axustarase na súa totalidade ó disposto no título VI do texto articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo RD lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, e o Regulamento do procedemento sancionador, aprobado polo RD 320/1994, do 25 de febreiro, e demais normas de carácter xeral sobre a materia.

Gondomar, 21 de outubro de 2013.—O Alclade, Fernando Guitán Guitán.

**2013009533**

\* \* \*

## **A GUARDA**

### **A N U N C I O**

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 11 DE SETEMBRO DE 2013**

Recibido ficheiro mensual do INE no que se inclúe a relación dos erros 141 (comprobación de residencia de cidadán non inscrito no Rexistro Central de Estranxeiros), 142 (comprobación de residencia de cidadán con tarxeta de residencia de fai máis de 5 anos) e 143 (comprobación de residencia de cidadán con certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros expedido hai máis de 5 anos);

O Concello tentou, mediante notificación por correo certificado, comunicarlle ao interesado que procedese a ratificar o seu domicilio padroal ou o novo domicilio se houbera un cambio, sendo devolta dita notificación.

Pola súa banda, a Policía Local da Guarda, logo de facer as pescudas necesarias, realizou un informe no que se sinalaba que as persoas que se relacionan non residían na dirección padroal fixada.

#### *CONSIDERACIÓNS LEGAIS*

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, aprobado por Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo.